

INCREMENTO DA PRODUTIVIDADE MICOLÓXICA PIÑEIROS GALEGOS (MR331 FEADER 2022-048B)

Os obxectivos específicos eran os seguintes:

1. Avaliar a produtividade de diferentes especies micolóxicas comercializables en función do tratamento de clara despois de 18 anos de iniciados os tratamentos.

Dispónse desta información, con estimacións da variabilidade espacial e interanual da devandita produtividade micolóxica.

2. Avaliar a produtividade en madeira dos distintos réximes de clara e novas técnicas de inventario mediante sensores remotos en comparación co inventario pé a pé tradicional.

Os resultados mostran unha vantaxe evidente dos tratamentos de clara máis fortes, tanto na produción total do piñeiral como na distribución por categorías dimensionais da madeira.

3. Obter unha estimación das diferenzas de produción entre a zona acoutada polo cercado e a área aberta, sometida á recollida habitual de boletos.

Tras a instalación do cercado, conseguíronse realizar inventarios micolóxicos durante un período de ano e medio, e deduciuse, da comparativa co exterior do cercado, que non hai diferenzas significativas de produtividade e que a recollida comercial podería estar a afectar só algunhas especies, como *Boletus edulis*. Polo tanto, non é recomendable o cercado de certas superficies como sistema de xestión para o aproveitamento micolóxico.

4. Avaliar maquinaria manual de roza mediante martelos con tren de eirugas en comparación con rozadoiras clásicas de cadeas axustadas a tractor de vía estreita e motorrozadoiras.

Avaliáronse varios robots de rozadura con tren de rodaxe de eirugas pneumáticas e diferentes potencias, todo iso en comparación con tractores estreitos, tractores grandes e mesmo rozadura manual. Os robots a radiocontrol mostran resultados esperanzadores nalgúns dos seus deseños, aínda que a potencia debería ser superior a 40 CV para acometer os traballos en áreas con maior carga de matogueira baixo arboredo. Sen dúbida, o arboredo é a operación que supón un maior custo.

5. Avaliar economicamente a prolongación de cinco anos da quenda de *Pinus radiata* con aproveitamento intensivo de cogomelos comerciais.

A avaliación económica puido realizarse despois de inventariar 24 parcelas de 900 m² a unha idade de 27 anos e a unha idade de 32 anos. A prolongación da quenda resulta rendible debido especialmente ao incremento do valor de taxación da madeira en pé, que se incrementa neses cinco anos en 5.377 €/ha na procedencia galega e en 6.580 €/ha na neozelandesa. A eles habería que sumar o efecto dos ingresos posibles por recollida e comercialización de cogomelos, que se estimaron en 169 €/ha ano unha vez determinada a distribución por calidades e por meses. O VAN resulta positivo ata un nivel de taxa de

actualización de 7,5 % (nivel de TIR), que chega mesmo a 8,5% cando se considera a produtividade micolóxica. A relevancia económica da produción micolóxica sería dun 15 % do que supón a madeira.

6. Testar o esquema silvícola PF1 e establecer melloras para unha mellor definición de tratamentos micosilvícolas no marco do piñeiro radiata.

Os resultados do proxecto permitiron elaborar un informe con suxestións de mellora para este modelo silvícola.

7. Establecer unhas directrices para incluír a produtividade micolóxica nos instrumentos de ordenación e xestión forestal en Galicia.

Como conclusión do proxecto, expóñense unha serie de recomendacións para a súa consideración nos proxectos de ordenación forestal. Neste contexto, a posta en valor de aproveitamentos secundarios compatibles coa madeira debe adoptar un valor engadido que xustifique o investimento en xestión.

8. Avaliación de técnicas de inventario por fotogrametría con sensores remotos nun rango de densidades de arboredo adulto de piñeiro radiata.

Os resultados de novas técnicas de medición mediante sensores remotos permitiron avaliar o grao de precisión e os requisitos e parámetros necesarios para levar a cabo a metodoloxía correctamente. A metodoloxía aplicada só presenta vantaxes naquelas masas que cumpren os parámetros necesarios, os cales son aplicables exclusivamente a masas de piñeiral sometidas a unha xestión intensiva.